



## **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á NOVA SITUACIÓN ORIXINADA POLA PANDEMIA COVID-19 PARA A CELEBRACIÓN DAS PROBAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE DOS CORPOS QUE IMPARTEN AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

1. Finalidade e persoas destinatarias.
2. Organización loxística.
3. Normas básicas de desenvolvemento das probas.
4. Recomendacións e medidas preventivas para a protección da saúde na celebración dos exercicios do proceso selectivo.
  - 4.1. Persoal aspirante
    - 4.1.1. Chegada ao local de exame
    - 4.1.2. Dentro do centro educativo ou local de exame
    - 4.1.3. Durante a realización do exame
  - 4.2. Persoal membros dos tribunais e persoal colaborador.
    - 4.2.1. Durante a realización das probas
    - 4.2.2. Limpeza e desinfección das instalacións entre probas.





## 1. Finalidade e persoas destinatarias.

O COVID-19 é unha enfermidade producida pola infección do virus SARS-CoV-2, que se transmite de persoa a persoa a través de gotas respiratorias e contacto directo ou con superficies contaminadas, sendo o risco de transmisión proporcional á proximidade e intensidade da interacción entre unha persoa infectada e outra susceptible.

O risco de propagación en eventos ou actividades multitudinarias depende, entre outros, da situación epidemiolóxica, das características do evento e da capacidade para a adopción de medidas de prevención e control.

A finalidade deste protocolo é establecer as medidas preventivas que ofrezan a máxima garantía de seguridade para minimizar o risco de contaxio e a propagación do COVID-19 e adoptar os medios para protexer a seguridade e a saúde das persoas implicadas nos procesos selectivos nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se celebren en execución das ofertas de emprego público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia durante este ano 2021.

Este protocolo toma en consideración as recomendacións das autoridades sanitarias do Ministerio de Sanidade, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Protocolo ABAU 2021 en Galicia e, no que resulta de aplicación, o Protocolo de Adaptación á nova situación orixinada pola pandemia COVID-19 para a celebración das probas dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Versión 04/11/2020). O protocolo pode ser obxecto de actualización en función da evolución epidemiolóxica e os novos criterios que puidesen ser establecidos polas autoridades sanitarias.

O protocolo está dirixido a todo o persoal aspirante dos procedementos selectivos, que asumirán e se responsabilizarán tanto das medidas hixiénicas e sanitarias indicadas para eles neste protocolo, como dos riscos sanitarios inherentes á realización da proba, e aos membros do tribunal e persoal colaborador de cada proceso selectivo, quen recibirán aquelas informacións necesarias para que o proceso pódase levar a cabo coas medidas preventivas axeitadas e coordinarán as medidas hixiénicas e sanitarias indicadas neste documento.

As medidas establecidas neste documento abranguen tanto a realización das probas como as medidas a tomar previa e posteriormente á realización destas e serán de obrigado e estrito cumprimento tanto para o persoal opositor como para o persoal que forma parte dos tribunais tribunal e persoal colaborador. Para tal fin, será remitido pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos aos tribunais constituídos para o desenvolvemento dos procedementos selectivos. Así mesmo, publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co fin de asegurar a súa máxima difusión e o cumprimento das súas medidas por parte de todas as persoas involucradas no proceso.

## 2. Organización loxística.





A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade organizará as probas colectivas dos procedementos selectivos de acordo cos seguintes criterios coa finalidade de, na medida do posible, evitar aglomeracións do persoal aspirante:

- Na realización das probas de ingreso ao corpo de mestres respectaranse as localidades de actuación establecidas na base común 1.4 da Orde do 24 de febreiro de 2020, pola que se convocan os procedementos selectivos.
- Na realización das probas de ingreso nos restantes corpos procurarase que os tribunais dunha mesma especialidade actúen nunha mesma localidade.
- Os tribunais dunha mesma especialidade iniciarán o desenvolvemento do procedemento selectivo o mesmo día e a mesma hora.
- Reducirase o número de persoal opositor que ven sendo habitual asignar a cada tribunal, agás excepcións xustificadas polo número de tribunais que se poden conformar ou outras circunstancias.
- Incrementaranse as localidades habituais de actuación dos tribunais.
- O inicio da primeira proba nas diferentes especialidades distribuirase entre os días 19, 20, 23, 24 e 25 de xuño de 2021.
- Tenderase a que nun mesmo local non actúen simultaneamente nas probas colectivas máis de dous ou extraordinariamente tres tribunais o mesmo día. Quedan exceptuadas aquelas especialidades nas que o práctico sexa individual ou aquelas outras nas que o práctico deba desenvolverse necesariamente nun único centro educativo.
- As probas prácticas desenvolveranse preferentemente por escrito.
- Suprímese o acto de presentación. Os tribunais informarán ao persoal opositor a través da páxina web [www.edu.xunta.gal/oposicions](http://www.edu.xunta.gal/oposicions) e, con carácter previo ao inicio das probas, de todas aquelas cuestións necesarias para o normal desenvolvemento do procedemento selectivo.
- Utilizaranse todas as portas posibles de acceso ao local de actuación, como está a realizar actualmente o alumnado.
- O tribunal comunicará a través da páxina web [www.edu.xunta.gal/oposicions](http://www.edu.xunta.gal/oposicions) a aula ou instalación concreta na que se examinará cada persoa opositora e, cando sexa o caso, o enderezo da porta de entrada.
- O persoal opositor accederá directamente á aula ou instalación indicada sen chamamento previo do tribunal.
- Os tribunais identificarán ao persoal opositor unha vez sentado na aula ou instalación correspondente.

Para aplicar estes criterios básicos e adoptar as medidas sanitarias correspondentes, as persoas responsables da organización das probas na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e os tribunais, segundo corresponda, coa suficiente antelación, procederán a :





- Publicar, previamente á celebración das probas, as listaxes de distribución do persoal aspirante asignado a cada tribunal, o local de actuación e, cando sexa o caso, as portas de entrada e o seu enderezo na páxina web [www.edu.xunta.gal/oposicions](http://www.edu.xunta.gal/oposicions)
- Restringir ao máximo o acceso aos edificios onde se realicen os exercicios, estando só autorizados o persoal aspirante e o persoal implicado no desenvolvemento destas.
- Organizar e identificar a zona reservada de illamento para persoas con posibles síntomas de COVID-19 e que nos centros educativos será a xa establecida con carácter xeral durante o actual curso académico (que deberá contar con ventilación adecuada).
- A distribución dos espazos nas aulas será a establecida actualmente no desenvolvemento das clases. No caso das probas que se realicen en centros de educación infantil e primaria e cando se utilicen outras instalacións garantirase, como mínimo, unha distancia de 1,5 metros respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira.
- Equipar todas as aulas ou zonas de exame con, polo menos, un recipiente e bolsa de lixo que permita a xestión adecuada do material desbotable utilizado.
- Desinfectar os espazos e o mobiliario cunha antelación máxima de 24-48 horas previas á celebración do exercicio. Prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, pasamáns, chans e outros elementos de similares características.

### 3. Normas básicas de desenvolvemento das probas.

Ademais dos criterios establecidos no punto 2 deste Protocolo, os principios básicos que fundamentan todas as medidas tomadas nos distintos momentos e espazos das probas son os seguintes:

- Mantemento da distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.
- Hixiene de mans.
- Hixiene respiratoria: uso de máscara cirúrxica ou hixiénica.
- Limpeza e desinfección adecuadas dos centros e superficies en contacto.

En particular:

- Só se permitirá o acceso aos edificios ao persoal opositor que realice os exercicios e o persoal implicado no desenvolvemento das probas, non permitíndose o acceso a persoas acompañantes (fóra de casos particulares debidamente xustificadas), agás cando se trate da lectura pública das probas, á que se permitirá a asistencia dun máximo de tres persoas.
- En todo momento deberá gardarse a distancia mínima de seguridade de 1,5 m, debendo esperar no lugar que corresponda (exterior ou interior) cando sexa necesario.
- En cada porta de acceso dispensarase xel hidroalcohólico desinfectante de mans, debendo proceder ao lavado de mans tanto a entrada como a saída do exame con solución hidroalcohólica.





- Non se admitirá a entrada de ningunha persoa desprovista de máscara protectora. A dita máscara deberá cubrir boca e nariz mentres se permaneza no recinto (salvo os casos previstos na normativa, previamente xustificadas).
- A persoa aspirante deberá gardar a distancia mínima de seguridade en todo momento, tanto no acceso ao centro no que se van a desenvolver as probas como dentro deste. Coa finalidade de evitar aglomeracións, o tribunal terá a potestade de adiantar uns minutos as citacións de persoal opositor, sempre que se agarde despois un tempo prudencial, por se algunha persoa aspirante chegase con atraso. O persoal opositor deixará o DNI á vista na parte superior dereita da mesa durante o desenvolvemento de todo o exercicio para a súa identificación.
- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O persoal opositor deberá hixienizar as mans á saída deste. A ocupación máxima dos aseos garantirá a distancia interpersoal de 1,5 metros en todo momento. En todo caso, a asistencia ao aseo será excepcional e de xeito gradual. Poñeranse nas portas dos aseos unhas normas de uso: pechar a porta, baixar a tapa do aseo antes do uso da cisterna e limpeza de mans con xabón e xel hidroalcohólico. Os aseos que se utilicen durante a celebración das probas selectivas limpanse frecuentemente e cando menos dúas veces ao día.
- Debe evitarse tocar elementos de uso común, botóns, manillas de apertura de portas, pasamáns, etc.
- Nos centros docentes nos que se celebren as probas utilizaranse os materiais de limpeza e desinfectantes habituais previstos no protocolo de limpeza e desinfección do propio centro.
- Tras cada xornada, as aulas e o resto das dependencias utilizadas para a proba serán limpadas e desinfectadas. No desenvolvemento das dúas partes da primeira proba, cando se realicen o mesmo día, unha parte pola mañá e outra pola tarde, desinfectaranse tamén no descanso entre a mañá e a tarde.
- Nas lecturas públicas das probas e no desenvolvemento das dúas partes da segunda proba a persoa opositora que accede a aula para realizar a lectura ou a proba limpará a mesa e, se é o caso, outros utensilios utilizados pola persoa opositora que rematou a lectura ou a realización da proba inmediatamente antes. Do mesmo xeito actuarase na aulas ou aulas que se utilicen polo persoal opositor para a preparación da unidade didáctica.
- Como se manifestou anteriormente, a Orde do 5 de marzo de 2021 establece que as probas prácticas serán preferentemente por escrito. Cando as probas non sexan por escrito aplicaranse as medidas específicas que o centro educativo no que se celebren as probas teña adoptadas para os laboratorios e talleres e, en calquera caso, a proba práctica planificarase para que o uso das ferramentas e dos equipos de traballo supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada proba práctica cando sexa necesario o seu uso por outra ou outras persoas opositoras.
- Nas probas prácticas das especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, incluídas as especialidades de danza clásica e danza contemporánea aplicáranse as medidas específicas para as ensinanzas de réxime especial recollidas no apartado 25 do Protocolo de





adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 04-11-2020)..

- Como consecuencia do punto anterior, cando a realización da proba requira da utilización dun mesmo recurso por diferente persoal aspirante, procederáse á desinfección pola persoa que vai a usalo con produtos virucidas autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade e axeitados para o seu uso no elemento a desinfectar e de acordo cos protocolos propios para o actual curso académico do centro no que se desenvolven as probas.
- O tribunal e o persoal colaborador serán os encargados da ventilación das aulas e demais lugares de exame. Deberán manter abertas as ventás entre e durante os exames. Recoméndase tamén abrir a porta ou portas, cando sexa posible. En todo caso ventilarase a aula ou lugar de exame cando menos 15 minutos antes do inicio e ata que as persoas aspirantes se atopen sentadas. Se as condicións meteorolóxicas impidiran unha ventilación constante garantirase unha ventilación cruzada (porta e ventá aberta ou cando menos varias ventás) de 2-5 minutos en intervalos de 20 minutos durante o exame, en función do volume e ocupación da aula. De igual modo é preceptivo proceder a unha ventilación de cando menos 15 minutos ao final da proba, mentres as persoas aspirantes estean abandonando a aula.
- Prohíbese o consumo de alimentos así como a súa manipulación nos espazos non habilitados ao seu efecto. Non obstante, as persoas opositoras poderán dispoñer dunha botella de auga durante a realización das probas.
- Ao toser ou esberrar, é imprescindible cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Debe evitarse tocarse os ollos, o nariz e a boca.
- Deben utilizarse panos desbotables. Tras o seu uso, deben depositarse nas papeleiras específicas destinadas a ese fin.

#### **4. Recomendacións e medidas preventivas para a protección da saúde na celebración dos exercicios do proceso selectivo.**

##### **4.1. Persoa aspirante.**

De conformidade co establecido na Orde do 5 de marzo de 2021 (DOG núm. 51 do 16 de marzo), pola que se modifica a Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan os procedementos selectivos, aquelas persoas aspirantes que non poidan realizar a primeira proba nas datas establecidas por razóns de maternidade ou por estaren cumprindo unha medida de illamento ou corentena por ser persoa infectada por COVID-19 ou contacto estreito, poderán realizala o día 10 de xullo de 2021 e comunicaranlle ao tribunal ao que estean asignadas a súa situación de illamento ou corentena nun prazo máximo de 48 horas contado a partir da finalización da primeira proba da especialidade pola que participan. Xunto coa dita comunicación deberán achegar o certificado de atención primaria que acredite esta situación.

A comunicación ao tribunal realizarase a través da páxina web [www.edu.xunta.gal/oposicions](http://www.edu.xunta.gal/oposicions). O persoal aspirante deberá identificarse primeiro na dita páxina mediante certificado electrónico, Chave 365 ou correo electrónico de educación e contrasinal, premer dentro do menú Opositores a pestana Comunicacións ao tribunal, seleccionar o tribunal da especialidade e número ao que está







asignada a persoa opositora e achegar a xustificación correspondente. A documentación achegada quedará cifrada para garantir a protección de datos.

Se se producise algunha das circunstancias mencionadas no desenvolvemento da segunda proba o tribunal poderá modificar o día que lle correspondería actuar á persoa afectada sempre e cando poida garantir que o procedemento selectivo finaliza na data que estableza a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

#### **4.1.1. Chegada ao lugar de exame.**

- Todo o recinto ou lugar onde se realice a proba será considerado lugar de exame.
- O persoal opositor deberá aproximarse á porta de entrada que lle corresponda á hora na que foi convocado. Gardarase en todo momento a distancia de seguridade, sen apresurarse nin provocar aglomeracións. Sen pararse irán directamente á aula ou local no que se vai a celebrar a proba e tomará asento. Colocará o seu DNI na parte dereita da súa mesa para a identificación por unha persoa do tribunal. En caso necesario, o tribunal poderá solicitar que os aspirantes retiren a máscara para facilitar a súa identificación, gardando sempre a distancia de 1,5 m.
- O uso da máscara é obrigatorio para todo o persoal opositor durante todo o proceso (agás casos xustificadas previstos na normativa). Se alguén non a leva de xeito correcto, será advertido polas persoas membros do Tribunal. En caso de reiterados incumprimentos sobre o uso correcto da máscara, o tribunal poderá acordar a expulsión da persoa aspirante. Aquelas persoas que mediante xustificación médica teñan exceptuado o uso obrigatorio da máscara deberán achegar a certificación da dita exención ao tribunal a través da páxina web [www.edu.xunta.gal/oposicions](http://www.edu.xunta.gal/oposicions) no prazo dos 5 días inmediatamente anteriores ao inicio das probas. De non facelo non poderá acceder sen a máscara. Advírtese que as pantallas non están autorizadas xa que non cumpren a función da máscara, non obstante, esixírase o uso da pantalla ás persoas exceptuadas de levar máscaras, salvo no caso de contraindicación médica debidamente xustificada.
- Será obrigatorio no momento do acceso ao interior lavar as mans con xel hidroalcohólico. Para tal efecto se establecerán os correspondentes dispensadores en cada unha das portas de acceso.
- Non se permitirá o uso de luvas por parte do persoal opositor, xa que producen unha falsa sensación de seguridade.

#### **4.1.2. Dentro do centro educativo ou local de exame**

- Os obxectos persoais de cada persoal opositor serán os mínimos imprescindibles e deberán permanecer en todo momento xunto a el e baixo a súa custodia.
- Non se poderá compartir material (bolígrafos, goma, afialapis etc.) nin calquera outro que o tribunal esixa para a realización da proba práctica, polo que o persoal opositor debe asegurarse de levar todo o necesario para a realización das probas.





#### 4.1.3. Durante a realización do exame

- No caso de que un opositor iniciase síntomas compatibles con COVID-19 ou estes fosen detectados, levaríase á zona reservada de illamento.

- A zona reservada de illamento será a xa establecida polo centro educativo durante o curso académico 2020-2021 e estará dotada. Esta zona estará equipada con máscaras, FFP2, pantallas faciais e batas desbotables, así como de ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables. Neste espazo o persoal aspirante poderá continuar desenvolvendo o exame, se lle é posible, baixo a vixilancia dunha persoa membro do tribunal que manterá a máxima distancia de seguridade posible e, de cando menos, 1,5 metros. Ambas persoas (aspirante e tribunal) usarán máscara cirúrxica. Se a persoa sintomática estivera legalmente exenta do uso da máscara, o representante do tribunal utilizará unha maior protección: FFP2 sen válvula de exhalación ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.

Se o persoal opositor estivese nunha situación de gravidade ou tivese dificultade para respirar, avisarase ao 061.

- Unha vez iniciada unha proba colectiva, non se permitirá a ningunha persoa opositora, abandonar a aula ata pasados 20 minutos desde o momento fixado para o comezo da proba, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos. No caso de que unha persoa opositora finalice o exercicio antes da conclusión do tempo fixado para o mesmo, cando a proba sexa escrita a recollida do exame realizarase directamente na mesa do persoal opositor por algunha persoa do tribunal.

- Unha vez finalizado o exercicio, e coa finalidade de evitar aglomeracións, a saída de persoas aspirantes farase de forma gradual. Polo tanto, non se permitirá a ningunha persoa opositora abandonar a aula ata que se lle indique.

- A saída da aula deberá facerse de maneira ordenada, respectando as normas de distanciamento de 1,5 metros ata o exterior do edificio. Unha vez fóra, lémbrazelles a obriga de respectar as normas e a conveniencia de seguir as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias, evitando grupos e aglomeracións. O persoal opositor non se deterá a conversar, abandonando as instalacións o máis pronto posible.

- Coa finalidade de evitar aglomeracións os certificados de asistencia serán entregados polo tribunal durante a celebración da proba.

- Unha vez rematada a proba, a persoa aspirante deberá abandonar o recinto o antes posible, evitando en todo momento aglomeracións e sempre gardando a distancia mínima de seguridade con outras persoas.

#### 4.2. Persoal membros dos tribunais e persoal colaborador.

Calquera persoa implicada no proceso selectivo que actúe como membro de tribunal ou persoal colaborador, que teña síntomas compatibles con COVID-19 ou que poida cualificarse como caso posible, probable ou confirmado de contaxio, ou que tivese contacto estreito de persoa







simptomática, deberá comunicalo á Presidencia do Tribunal e ao enderezo de correo electrónico [dubidas.educovid@edu.xunta.gal](mailto:dubidas.educovid@edu.xunta.gal) debendo permanecer confinada no seu domicilio.

Se unha vez constituído o tribunal, unha persoa deste non puidese actuar por ser diagnosticada de COVID-19 ou por ser contacto estreito con positivo, o tribunal seguirá actuando sempre que o faga cun mínimo de tres membros. No caso de que o número de positivos ou contactos estreitos sexan tales que impidan o desenvolvemento das probas, cando sexa posible, serán substituídas do xeito máis inmediato posible polas persoas designadas como suplentes.

Se unha persoa membro de tribunal iniciase síntomas compatibles coa COVID-19 durante a realización das probas abandonará inmediatamente as instalacións illándose no seu domicilio. Coa maior brevidade posible pedirá cita co/a seu/súa médico/a de atención primaria. Se ademais estivese nunha situación de gravidade ou tivese dificultade para respirar, avisarase ao 061.

Os tribunais funcionarán como Equipos Covid ao respecto das probas, podendo ser contactados pola CSC para a trazabilidade de posibles contactos estreitos, se procede.

#### 4.2.1. Durante a realización das probas

- A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade proverá de materiais de protección (máscaras) aos membros dos tribunais e ao persoal colaborador. Utilizaranse os xeles hidroalcohólicos dos centros educativos así como, se fose necesario, as pantallas de protección.

- O uso de máscaras é obrigatorio igualmente para as persoas compoñentes do tribunal e o persoal colaborador ata a finalización das probas.

#### 4.2.2 Limpeza e desinfección das instalacións entre probas.

En canto á limpeza e desinfección das instalacións entre probas: entre cada proba colectiva realizarase unha profunda limpeza e desinfección á totalidade das mesas e cadeiras ocupadas ademais da ventilación dos espazos de acordo coas pautas previstas nas Recomendacións sobre a ventilación en centros educativos (Resolución conxunta das Consellerías de Sanidade e Cultura, Educación e Universidade)

Farase especial fincapé na ventilación no só das aulas senón de todas as zonas comúns, locais, baños e demais instalacións interiores utilizadas durante o proceso.

Á parte da devandita limpeza entre proceso e proceso, a limpeza dos baños (tanto interiores como exteriores) realizarase de forma continuada, quedando rexistrado en cada baño a hora da súa limpeza e desinfección.





Todos os produtos utilizados para a limpeza serán os que estean aprobados polo Ministerio de Sanidade.

Levarase un rexistro exhaustivo das horas e tarefas de limpeza, así como dos produtos utilizados e as súas mesturas.

O persoal de limpeza será o encargado de controlar que os dispensadores de xel hidroalcohólico situados nas entradas, os baños e as oficinas teñan suficiente líquido desinfectante.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Jesús Manuel Álvarez Bértolo



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

